

RESOLUCIÓN autorizando actividades susceptibles de recoñecemento de créditos en virtude do acordo da comisión de extensión universitaria e estudantes de 3 de xullo de 2025.

Visto o acordo do 3 de xullo de 2025 da Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes, establecida no Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación (aprobado en Consello de Goberno 10/10/2016), e en virtude das competencias atribuídas polas normas legais, esta reitoría

RESOLVE:

1.- Autorizar o recoñecemento de créditos ECTS, naquelas titulacións que así o establezan nos seus planos de estudo, pola asistencia as actividades académica e actividades do programa OrientaTe, que se relacionan no Anexo.

De acordo co artigo 4.1 do Regulamento citado, o recoñecemento académico de créditos optativos por as actividades recollidas no artigo 1, será dun máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursado.

2.- Aprobar a solicitude de cambio de data da “III Xornada: A muller na profesión de Enxeñería de Minas, Enerxía e Materiais. Unha mirada desde a experiencia persoal” (aprobada no Acordo da Comisión de 25 de febreiro de 2025).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade.

Natalia Caparrini Marín



RECOÑECEMENTOS ECTS - 3 DE XULLO 2025

Título	Título	Centro/Dpto. Organizador	Responsable académico	Horas	Créditos recoñecidos	Datas realización
Como afrontar o TFG (curso 2025-2026)	720091	Biblioteca da Universidade de Vigo	Ana Belén Martínez Piñeiro	30	1	Do 01/09/2025 ao 30/06/2026
In-fórmate coa biblio! (curso 2025-2026)	720009	Biblioteca da Universidade de Vigo	Ana Belén Martínez Piñeiro	15	0.5	Do 08/09/2025 ao 30/06/2026
Curso Intensivo Combinado (BIP): Accesibilidade en acción: semana académica de Porto 2025	720199	Departamento de Tradución e Lingüística (convenio coa ORI)	Beatriz María Rodríguez Rodríguez	30	3	Do 21/04/2025 ao 21/05/2025

Actividade académica “OrientaTE”

Título do curso, congreso, seminario e outras actividades académicas	Centro, Departamento ou Institución organizadora	Responsable	Datas de celebración	Horas	Créditos recoñecidos
OrientaTE: orientación académica e profesional no ámbito da Enxeñaría de Telecomunicación (curso 25/26)	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	Enrique Costa Montenegro	Do 01/09/2025 ao 15/07/2026	150 (resultado da suma de todas as xornadas/ponencias)	En función da duración de cada xornada/ponencia

No marco do plan da Actividade académica “OrientaTE” realizaránse accións que teñen como obxectivo achegar ao estudantado das diferentes titulacións da Escola e Enxeñaría de Telecomunicación un conxunto de oportunidades que complementen a formación regulada con coñecementos e ferramentas cara ao seu exercicio profesional, para o curso 25-26 están programadas as ponencias que se relacionan:



RECOÑECEMENTOS ECTS - 3 DE XULLO 2025

Actividade Xeral	Título ponencia	Relatores
OrientaTE	A Enxeñería de Telecomunicacións e a Sociedade	Iñigo Cuiñas Gómez
OrientaTE	Desenvolvemento electrónico en RF para os sistemas de fragatas F110	Persoal de Indra
OrientaTE	Virtualización de contenedores con kubernetes	Nicolás Santos Camaño
OrientaTE	A Máquina Enigma: O código secreto dos nazis e o esforzo aliado para descifralo	Germán Sáez Moreno
OrientaTE	Novo Plan de Estudos de Grao: cambios e resolución de dúbidas	Varios
OrientaTE	Coñece á ONGD Enxeñería Sen Fronteiras Galicia	José A. González e Martina Páramos
OrientaTE	¿Teño claro que mención quero seguir?	Varios
OrientaTE	X Xornadas sobre Tecnoloxías e solucións para a Automatización Industrial (JAI 2024)	Varios
OrientaTE	New space. Medidas avanzadas en alta frecuencia e caracterización de materiais	Varios
OrientaTE	Texto a Coñecemento: Construindo un Buscador Semántico con NLP	Varios
OrientaTE	Máis ala do FireWall: Introducción a Ciberseguridade	Varios
OrientaTE	Desafío Enerxético: Innovación e Solucións en Renovables	Varios
OrientaTE	Estandarizar pocesos de traballo con intelixencia artificial	Varios
OrientaTE	Sistemas de TV converxentes: OTT vs Broadcast	Varios
OrientaTE	As túas contrasinais xa as coñece todo o mundo ¿Queres saber como?	Varios
OrientaTE	Introducción práctica e aplicacións RFSOC, dispositivos avanzados en RF	Varios
OrientaTE	Novo Plan de Estudos do MET: cambios e resolucións de dúbidas	Varios
OrientaTE	Mestura inmersiva, de fontes mono/polifónicas, e escoita binaural	Suso Ramallo
OrientaTE	Xeración e detección de malware en contornas empresariais	Pablo Lago e Ignacio Quintas
OrientaTE	Tecnoloxías de Virtualización Lixeiras WebAssembly	Alberto Estévez Caldas e Rubén Pérez Vaz
OrientaTE	Intelixencia Artificial na xestión de emerxencias	Felipe Gil Castiñeira e Cristina López Bravo



RECOÑECEMENTOS ECTS - 3 DE XULLO 2025

Modificación actividade aprobada no Acordo da Comisión de 25 de febreiro de 2025

Solicitude de modificación da data de celebración da actividade “III Xornada: A muller na profesión de Enxeñaría de Minas, Enerxía e Materiais. Unha mirada desde a experiencia persoal”, de xeito que a proposta definitiva da actividade é:

Título	Centro/Dpto. Organizador	Responsable académico	Horas	Créditos recoñecidos	Datas realización
III Xornada: A muller na profesión de Enxeñaría de Minas, Enerxía e Materiais. Unha mirada desde a experiencia persoal	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	Generosa Fernández Manín	8	0,3	26 de setembro de 2026

